

Limiar

O nomadismo dos estudos galegos: un encontro en Madrid

Temos diante un volume de estudos que representa o froito de moitos anos de traballo a prol dos estudos galegos en Madrid. Desde os anos 70 os estudos galegos sempre estiveron presentes de maneira continuada na nosa universidade polo interese do profesor Alonso Zamora Vicente, quen fomentou tanto a investigación como a docencia destes estudos na Titulación de Filoloxía Románica da Facultade de Filoloxía da Universidade Complutense de Madrid. Actualmente continuamos con esa tarefa no Centro de Estudos Galegos, apoiados polo Convenio asinado entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a Universidade Complutense. Hoxe, se o profesor Zamora Vicente estivese connosco estaría moi contento con esta publicación.

Eu sinto non só ledicia, senón tamén unha grande satisfacción ao escribir estas liñas. Paseño, pouco a pouco temos feito que o galego teña unha presenza digna na nosa universidade. Unha tarefa levada a cabo por moitas persoas ás que agradezo a súa confianza, o seu apoio e o seu traballo: polo tanto, o meu agradecemento máis sincero a todos os profesores da Titulación de Filoloxía Románica, especialmente a Eugenia Popeanga, a Juan Miguel Ribera e a María Victoria Navas; a todos os profesores lectores que fixeron tan ben o seu traballo de embaixadores da cultura galega en Madrid desde 1994: Xesús Pociña, Ana Acuña, Miguel Louzao, Roberto Pascual,

María Asunción Canal, Ricardo Pichel e a Lidia López Teijeiro, quen agora ocupa esta embaixada; aos membros do Grupo Bilbao, que sempre están dispostos a colaborar nesta aventura, entre eles ao profesor Xavier Frías, responsable dos estudos galegos na UNED e co-organizador do encontro do que xorde este volume; aos colaboradores de *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, que fixeron realidade un proxecto cheo de ilusións, e a tantos outros que eu levo no meu corazón. Graciñas a todos e a todas.

Cando en outubro de 2013 falamos, Ricardo Pichel e mais eu, xunto co profesor Xavier Frías da UNED, sobre o proxecto de realizar un encontro conxunto, as “Xornadas Internacionais de Literatura Galega UCM-UNED”, non pensabamos que a resposta sería tan memorable. Ricardo Pichel foi a alma deste evento, axudado por Javier Rivero, Diego Muñoz, Luis Luna e un longo etcétera de colaboradores, moitos deles antigos estudantes e agora amigos (Alba, Alicia, Laura, María, Santiago, Sebastián, entre outros). Desde xaneiro ata setembro de 2014 o traballo foi xestándose, encaixáronse as pezas que ían quedando soltas e solucionáronse as pequenas ou grandes incidencias. En fin, entre os avatares da vida cotiá e académica chegou o momento da celebración das *Xornadas Internacionais*, organizadas pola UCM e pola UNED, onde os estudos galegos están presentes.

As intensas xornadas do 18 e 19 de setembro de 2014 foron días de diálogo entre os galicianistas chegados desde diferentes partes do país e do resto do mundo (Alemaña, Arxentina, Brasil, Francia, Inglaterra, Irlanda, Italia, Polonia, Portugal e EUA) coa finalidade de abrir un debate sobre a identidade, a alteridade e o exilio, os grandes focos temáticos das *Xornadas Internacionais*, que reflicten a riqueza da cultura galega, xeradora de novas indagacións aínda sen resolver como poden ser a hibridación e a transculturalidade propias do nomadismo implícito no pobo galego.

Resultado deste diálogo son as colaboracións que se recollen –xusto medio ano despois– neste primeiro Número Especial, o volume 18 da revista de estudos galegos *Madrygal*, de recoñecido impacto no mundo científico. Cómpre salientar que todas as contribucións foron obxecto de arbitraxe científica a través da avaliación por pares, conforme o criterio editorial dos números regulares da revista, o que permitiu implementar a calidade, orixinalidade e rigor científico dos traballos escolmados neste número especial. Das 85 comunicacións e conferencias presentadas para as *Xornadas Internacionais*, foron seleccionados e superaron a dita arbitraxe un total de 57 traballos, reagrupados nas seccións temáticas nas que se estrutura este volume e ás que aludirei a continuación.

Sen ter a posibilidade de dedicar unhas palabras para cada colaboración, destacaréi o máis importante deste Número Especial de *Madrygal*. Desde a miña perspectiva, o interese do volume radica na súa pluralidade tanto temática como de autores. Considero moi significativa a presenza de colaboradores novos como Patricia Arias, Ángel Arcay, Noelia Cendán, María Curros, Sabela Hermida, Óscar Fernández, Anna Lammers, Antía Marante, Xurxo Martínez, Azahara Palomeque, Laura Piñeiro, María Xesús Piñeiro, Leticia Quintás, Vanesa Rodríguez, Alicia Romero, Santiago Sanjurjo, Sebastian Stratan, entre outros moitos; así como a presenza de investigadores xa consolidados como Ana Acuña, Elvira Fente, Carme Fernández Pérez-Sanjulián, Benigno Fernández Salgado, José Ángel García López, Federico Gerhardt, Teresa López, Roberto Pascual, Montse Pena, Rocío Peñalta,

M^a Antonia Pérez, Begoña Regueiro; autores de recoñecido prestixio como Vicente Araguas, Silvia Bardelás, Xavier Frías, Raimundo García, María Pilar García Negro, Modesto Hermida, M^a Victoria Navas, María Rosario Portela, Juan M. Ribera, Martín Veiga e un longo etcétera; ou figuras emblemáticas como a do académico e catedrático D. Xesús Alonso Montero, quen abriu as sesións da xornada do 19 de setembro no Paraninfo da Facultade de Filoloxía da UCM, coa conferencia publicada neste volume, titulada “Un volume insólito na bibliografía antifranquista galega: *Galicia hoy*, coordinado (con pseudónimos) por Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane, editado por Ruedo Ibérico (París) e impreso en Buenos Aires (1966)”.

Canto á pluralidade de contidos á que aludía anteriormente, malia sermos conscientes das dificultades que entraña establecer unha clasificación temática a partir dun conxunto de colaboracións tan diverso en detrimento doutras máis xenéricas, pareceunos máis axeitado facer unha distribución en seccións temáticas atendendo á natureza das *Xornadas*, centradas en cuestións relativas á identidade, á alteridade e ao exilio –tal como reza o título do presente monográfico. Así pois, tras un “Adro”, que abre o volume con algúns dos relatorios máis representativos das *Xornadas* (como os de Xesús Alonso Montero, Vicente Araguas, Silvia Bardelás, Raimundo García Paz ou Modesto Hermida García), procuramos facer unha partilla comprensiva das colaboracións aceptadas nos seguintes bloques temáticos: “Identidade e alteridade na literatura galega (séculos XIX-XX)”, “Literatura galega comparada e de conxunto”, “Exilio e recuperación da memoria histórica”, “Identidade feminina e estudos de xénero”, “Literatura galega en Madrid”, “Editoriais e prensa na Galiza do interior e do exterior” e “Industrias culturais: arte, música, escenografía e cinema”. As ditas seccións manifestan a pluralidade do diálogo aberto neste encontro e esperamos que sigan adiante, pois a relevancia dos estudos presentados así a merecen.

Nesta diversidade temática e autorial están implícitas as miradas novas que aseguran a continuidade dos estudos galegos no presente e no futuro e as miradas daqueles que imprimen estabilidade e rigurosidade na

investigación e sinalan o camiño para as novas xeracións na investigación e difusión da lingua, literatura e cultura galegas dentro e fóra de Galiza. Así pois, o lector poderá apreciar que neste conxunto de estudos galicianistas predomina un ton harmónico: o interese polo galego como sinal de identidade cultural. De aí que estes artigos poidan ter un valor documental salientable non só hoxe en día, senón tamén para o noso futuro.

Agradecemos moi sinceramente a todos os colaboradores as súas contribucións e agardamos que o traballo que hoxe poñemos á disposición do lector poida coa súa achega abrir novas vías de investigación non só no panorama actual das pescudas sobre o galego, senón tamén nos estudos comparados entre os diferentes sistemas culturais e literarios.

Agora es ti, lector e amigo, quen tes a palabra. As túas suxestións serán moi benvindas.

Madrid, 10 de marzo de 2015

Carmen MEJÍA RUIZ
Universidad Complutense de Madrid
Centro de Estudos Galegos